

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, relativa á publicación das puntuacións definitivas e finalización da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de enfermeiro/a, convocado por Resolución do 10 de decembro de 2014.*

A base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 10 de decembro de 2014 (*Diario Oficial de Galicia* nº 242, do 18 de decembro), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a do Servizo Galego de Saúde, dispón que, tras a publicación das puntuacións provisionais dos exercicios, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal, no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao da devandita publicación, unicamente se existiren erros na confección aritmética da puntuación obtida.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas dos distintos exercicios, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Á vista das reclamacións presentadas e do acordo adoptado sobre estas polo respectivo tribunal de selección e elevado ao órgano convocante, este centro directivo, de conformidade coa antedita base,

#### RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e dar publicidade, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) ás puntuacións definitivas obtidas polos/as aspirantes presentados en cada un dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de enfermeiro/a, convocado por Resolución do 10 de decembro de 2014.

Segundo. Declarar finalizada a fase de oposición do referido proceso selectivo.

Terceiro. Esta resolución poderá ser impugnada polos/as interesados/as nos termos previstos na base 7) e 11) da resolución de convocatoria do proceso.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2016

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

